


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

5-6 de outubro do 2024

XXVII ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Os fariseos queren presentar a Xesús unha cuestión para ver o que di e poder deixalo mal diante da xente que o escoitaba. Pero Xesús, que os coñecía ben, pois xa discutira con eles noutras ocasións, vai ao fondo do problema: os considerados mais débiles da sociedade xudía (mulleres e nenos) eran apartados e non tidos en conta.

Tanto no Evanxeo como na lectura do libro da Xénese escoitamos que todos fomos creados por Deus en igualdade. Ninguén é máis que outro.

Por iso Deus, Pai de todos, nos pide amarnos uns a outros e nos dá o seu amor para que o compartamos.

O Amor é o maior agasallo que Deus puxo nos nosos corazóns, e Xesús, porque nos esquecíamos diso, veu recordarnos que o temos que poñer en práctica cada día da nosa vida e con todos. Coma Xesús temos que estar á beira. Celebrémolo cos pobos de Palestina e Líbano.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que facemos do camiño de fe algo lonxe do amor. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

### Monitor/a

➤ Por non entender que o amor non pode ser nunca posesión da vontade do outro. Señor, dános a túa esperanza

➤ Por non estar dispostos a poñernos no lugar do outro, para percorrer xuntos o camiño das ledicias e tristuras. Cristo, dános a túa esperanza

➤ Porque a pesares de que todas as persoas posuímos a mesma dignidade, aínda queda moito que camiñar para acadar a igualdade entre home e muller. Señor, dános a túa esperanza

**Celebrante:** *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración dándolle grazas a Deus polo seu amor para con todos.*

*(silenzo)*

### Celebrante:

Deus, noso Pai, o teu amor é tan grande que sobrepasa os méritos e mesmo os desexos dos que che suplican.

Móstranos a túa misericordia, perdóanos o que oprime a nosa conciencia, e concédenos o que nin sequera nos atrevemos a pedir, por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Xesús recorda aos fariseos a pasaxe da creación para que se dean conta de que para Deus non hai diferenzas entre home e muller, senón que fomos creados en igualdade como creaturas súas.*

*Para Deus “iguais”, mentres nós nos empeñamos entre home-muller, branco-negro, rico-pobre, vello-novo, Palestina-Israel, Rusia-Ucrania.*

*Escoitámolo agora na Palabra de Deus.*

Leccionario I B páx 252 **Xén 2, 18-24** LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

Daquela o Señor Deus pensou:

- "Non está ben o home só. Vou facer para el unha axuda ao seu xeito".

O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ao home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese.

O home púxolles nomes aos animais domésticos, aos paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ao seu xeito.

Entón infundiou o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio. Da costela do home formou unha muller e presentoulla ao home.

O home exclamou:

- "Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do home".

Por iso deixa o home seu pai e súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo.

**Palabra do Señor**

♪ 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

(en pé) *Leccionario I B* páx 254 Mc 10,2-16 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela achegáronselle a Xesús algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ao home repudiar a muller. El replicoulles:

- Que foi o que mandou Moisés?

Respondéronlle:

- Moisés permitiu despedila, dándolle certificado de divorcio.

Díxolles Xesús:

- Tendo en conta a dureza de voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. Pero desde o principio da creación, fíxoos varón e femia. Por iso deixará o home a seu pai e máis a súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. O que Deus uniu, que non o separe o home.

Xa na casa, os discípulos volvéronlle a preguntar acerca disto. El díxolles:

- O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.

E leváronlle uns nenos para que os tocasse. Pero os discípulos rifábanlles. Mais a Xesús non lle gustou aquilo e dixo:

- Deixade que os nenos se acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. Asegúrovos que aquel que non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará nel.

E abrazounos e bendiciunos e impúxolles as mans.

**Palabra do Señor**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Xesús non dubida en estar á beira daquelas mulleres que no seu tempo eran tratadas dun xeito diferente aos homes. Xesús non o cala, e pon o amor e a igualdade entre home e muller como camiño de vida.

Nós, de ningún xeito podemos calar as desigualdades. Non o podemos calar nin na igrexa, nin no mundo laboral, nin na vida do fogar. Non esperemos máis, e con Xesús que a nosa voz sexa a da igualdade e trato digno para con todos os homes e mulleres, para con todos os nenos e nenas.

Demasiadas veces a mala historia repetida. Outra vez mulleres e nenos que saen perdendo, desta volta en Palestina, no Líbano, e en tantos e tantos lugares. Non daremos aprendido?

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Hoxe Xesús ensínanos o camiño da igualdade e o amor para con todos, e non só cos que están ao noso lado, e nos esixe un maior compromiso para loitar por un mundo no que non haxa desigualdades. Dicimos.*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

*Credes en Deus, Pai e Nai,  
que na vontade de amar  
nos creou ás mulleres e aos homes  
a súa imaxe e semellanza?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Xesús, irmán de todos e todas,  
que nos convida a compartir en igualdade  
entre homes e mulleres?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes no Espírito Santo  
que alenta no corazón da humanidade  
para facer un mundo mellor e máis xusto?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na igrexa,  
familia dos homes e mulleres  
que queren seguir os pasos de Xesús  
na irmandade e no amor, sen facer diferenzas?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Acudimos a Xesús: El non lle vira as costas a ningún e acolle a toda persoa disposta a vivir na xustiza e na igualdade para con todos os homes e mulleres. Rezámoslle dicindo:*

**SEÑOR, GUÍANOS NO TEU CAMIÑO.**

### Monitor/a:

- ✓ Para andar, coma ti, apegados sempre aos que máis precisan de pan e de consolo. Rezamos
- ✓ Para non cansar aínda que ás veces os nosos esforzos non sexan valorados e nin acollidos. Rezamos
- ✓ Para seguir coidando e compartindo unha natureza rural e viva, sen os abusos dos muíños eólicos. Rezamos
- ✓ Para dar unha man polos dereitos de todos, sobre todo dos máis pequenos e necesitados. Rezamos
- ✓ Para vivir respectando na igualdade entre todas as persoas, xa sexan homes ou mulleres, novos ou vellos, sans ou enfermos. Rezamos
- ✓ Para que fagamos vivo o amar do noso corazón, coas familias e pobos que malviven na falta de paz por culpa dunha violencia escandalosa que de ningunha maneira podemos entender en Palestina. Rezamos

**Celebrante:** *Señor Xesús, énchesnos de vida e atendes a nosa voz. En Ti confiamos e queremos vivir na igualdade como Ti nos ensinaches. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Acudimos ao Pai de todos, que non distingue entre as persoas por sexo, idade, cores da pel, crenzas, ou estamentos sociais, e pedímoslle que nos faga acolledores en irmandade coma Xesús nos ensinou:*

NOSO PAI ...



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *A loita pola xustiza e a igualdade é o camiño para chegar á paz. Neste momento no que compartimos o amor de Deus alentando o noso corazón, desexamos que os pobos que malviven na violencia poidan soñar respecto e tolerancia. Sementemos paz coa nosa vida, pois está nas nosas mans. Fagámonos cribles.*

🎵 n° 36 **Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Os discípulos tiveron que ir pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús o respecto co que se achegaba ás mulleres e aos nenos que naquela eran desprezados. Descubriron que El era exemplo no trato digno con todas as persoas, porque amaba de corazón.*

*Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, compartindo e non competindo, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 55** *No colo da miña nai*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, acompaña coa túa protección constante ao pobo que renovas na fe celebrada en comunidade, e vivida nos camiños da irmandade.

Ti, que nunca deixas de nos axudar, fainos merecentes de ser dignos exemplos de Xesús doéndonos co nada que vale a vida para moitas mulleres e nenos de Palestina e Líbano.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

*Xesús móstranos que todos podemos ser testemuñas de compromiso, xustiza e paz. Facendo ben e amando non importa se pensamos, vivimos ou cremos diferente.*

*Nós vivamos de verdade a igualdade cos que máis o necesitan no mundo de hoxe, moitas veces só por seren mulleres ou nenos.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

*Podémonos ir en paz. Amén*



*“O home e a muller teñen a mesma dignidade e merecense respecto”*

*“Os nenos e as nenas merecen un entorno que os trate con respecto”*

*Exemplo que nos dá Xesús no evanxeo de hoxe.*